

ACORDOS PRA A UNIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DAS COLABORACIÓS DA *HISTORIA DE GALIZA*, DIRIXIDA POR D. RAMÓN OTERO PEDRAYO

DOI: 10.17057/fmfhv.2021.015

Tomados por consenso entre os participantes, en reunión celebrada en Ourense o 22 de maio de 1956. Consérvase a copia manuscrita de Aquilino Iglesia Alvariño, encargado de tomar nota dos acordos e de sistematizalos nunha proposta que sería ratificada; esta copia, con emendas manuais, figura no Fondo Fernández del Riego [ES.GA.36057.AFFR_017424] e foi tida en conta polos editores para a fixación do texto.

Esta edición baséase na copia mecanoscrita, que pon en limpo e fixa o texto da anterior, pois esa foi a que circulou entre os autores. Consérvase no Fondo Otero Pedrayo da Fundación Penzol [ES.GA.36057.AFP 2.1.2.10.2.3.5.2 CA-0702/005/001].

1. Os escritores galegos firmantes, chamados pra redactar un directorio que dera certa unidade ós traballos de colaboración desta magna obra que vai ser editada en Bos Aires, no que se refire á aqueles aspectos da lingua que andan en libre xogo, na xunta celebrada na cidade de Ourense o día 22 de maio de 1956, estiveron conformes por maioría nos puntos que siguen.

2. Non cabe impór unha ortografía de pretensións centíficas, ríxida e universal, visto que os escritores non son lingüistas sempre, e teñen un sentimento da súa lingua tan propio que chega a variar en cada ún e en cada obra.

3. O criterio adoptado non é¹ filolóxico-histórico, senón práctico. Tense en conta que hai en uso criterios diversos, todos eles coas súas razóns a favor. Non cabe discutilos, xa que nin siquera están na mesma liña de discusión. Sólo diante do feito dunha obra en colaboración, nacida en unidade de espírito e de amor, faise obrigado achegar eses criterios o máis que se poida, sacrificando cada un algo do seu, á espera de que se vaia impondo o dos grandes escritores.

CULTISMOS

4. Revisóuse en primeiro lugar o problema da trascripción dos cultismos, sabendo que teñen que ser moitol-os empregados nesta obra e tendo en conta o valor desta especie de moeda internacional da cultura. Aceptóuse o principio establecido nas normas do Seminario de Estudos galegos en 1933: «Nas verbas cultas mantéñense os grupos primitivos: *obviar, apto*»². Este principio enténdese así:

¹ Na copia manuscrita, da man de Aquilino Iglesia Alvariño, «no é», consonte o precepto (42) a recomendación feita na aliña (41) do resumo; produciuse a mesma modificación en «no é doado» (7) e «no é raro» (20), o segundo con *-n* cancelado expresamente [*Nota dos editores*].

² Estaba prevista unha nota a rodapé, probablemente coa referencia bibliográfica, que non se chegou a redactar [*Nota dos editores*].

5. Cando se faga uso dunha palabra que non figure na historia do galego nin teña, polo tanto, forma vulgar ou semiculta na lingua viva, non debe o escritor evolucionala pola súa conta, limitándose, a suprimil-o que repune a fonética galega, asegún o que logo se di.

PREFIXOS CULTOS

6. *AB-* trascribírase *ab* en *absurdo*, *abnegado*, cultismos, mentras que se escribirá *asolto* e *ausolver*, por seren formas semicultas en uso. Da mesma maneira, *AD-* conservarase en *adversario*, *adverso*, etc., fronte á *aveso* e os semicultismos popularizados, *ademitir*, *adevertir*, *administración*.

Os prefixos que máis se tiveron en conta foron:

- *PRAE-*, que non se debe trascribir por *per* como se ten feito en palabras como *percepto*, *perciso*, *percavido*, e
- *PRO-*, que tampouco cabe trascribir en metátesis, *por-*. *Porveito*, *porcurar* ou *porferir* serían vulgarismos sin xustificación na obra de que se trata.
- Os prefixos *DIS-*, *IN-*, *INTER-*, *SUB-*, *SUPER-* deben trascribirse na forma orixinal cando se trate de verdadeiros cultismos: *disiuntivo*, *inquisitivo*, *intersticio*, *subversión*, *supernal*.

7. O prefixo *EX-*, seguido de consonante acordouse trascribilo por *ex-*, visto que non é doado confundir nesta posición o seu son co do *-x-* galego. Seguido de vocal pode confundirse, pero sendo tan característico este cultismo e tan doado de conocer, acordouse tamén deixalo na forma orixinaria. Escribírase, pois, *excoriación*, *extranxeiro*, *exacción*, *exacto*.

8. *TRANS-* acordouse trascribilo por *tras-*, debido a ser este prefixo vivo na fala de cada día. Así, *trasporte*, *trasmisión*.

SUFIXOS E TERMINACIÓS CULTAS

9. Pensouse sobre todo nos sufixos que deron formas históricas vulgares, moi características en galego, pero que non cabe levar hoxe sobre os mesmos sufixos orixenarios, visto que se perdeu a conciencia lingüística da súa identidade. Estes sufixos orixenarios son, entre outros da mesma serie:

- -ATICU: en vulgar, *-ádigo* e *-ado*; en culto *-ático* (*extático*).
- -ANTIA: en vulg. *-anza*; en culto *-ancia* (*costancia*).
- -ENTIA: en vulg. *-enza*; en culto *-encia* (*evidencia*).
- -ATIONE: en vulg. *-azón*; en culto *-ación* (*prelación*).
- -ITIA: en vulg. *-iza*; en culto *-icia* (*ictericia*).
- -ITIONE: en vulg. *-ización*; en culto *-ición* (*prescripción*).
- -ACEU: en vulg. *-azo*; en culto *-áceo* (*herbáceo*).
- -ARIU: en vulg. *-eiro*; en culto *-ario* (*herbolario*).
- -ORIU: en vulg. *-ouro*; en culto *-orio* (*purgatorio*).
- -ANEU: en vulg. *-año*; en culto *-aneo* (*contemporáneo*).
- -INO: en vulg. *-iño*; en culto *-ino* (*leporino*).

Trátanse o mesmo os que, sin vir citados, pertencen á serie *-io*, *-ione*, *-ia*.

10. Introdúcese algunha variante de trato nos sufixos ou terminacións que seguen:

- Os en -MINE, transcribíranse por *-me* (*réxime*)
- Os en -BILE, [transcribíranse] por *-bele* (*amábele*)
- Os en -CE, [transcribíranse] por *-z* (*capaz*)

11. Os en -TATE, -TUTE transcribíranse normalmente por *-tade*, *-tude* (*libertade*, *xuventude*), debendo saberse que a forma xeneralizada en *-tá*, *-tú* provén da lingua oficial.

12. A pesar do dito, acórdase que o nome de Galiza quede fora da lei xeneral dos da serie -TĪA, -CĪA, -CĚA, etc. visto que tivo tradicionalmente esta forma e que os grandes escritores a mantiveron fronte á restitución que operou a lingua oficial.

13. Tendo en conta tamén que os semicultismos *estudo* [e] *estudiante* están moi extendidos e deu nome o primeiro a unha ilustre institución de Galiza, ademítese como sustantivos, pero non como formas verbales.

SUFIXOS VULGARES DOBLES

14. Non se recomenda unformal-as terminacións alternantes *-ao*, *-au*, *-an*, nin certas palabras como *bo* e *bon*, *có*, *coio* e *cón*, podendo escribirse de tódalas maneiras. Con todo a forma *más*, fem. de *mau*, en plural, analóxica do fem. en *-á*, como *chás* de *chá*, *irmás* de *irmá*, considérase local (Ferrol) e non se admite na obra que se trata de editar.

O PLURAL

15. Non se consideran máis que os casos dudosos. Fora deles o galego sigue as normas da lingua oficial.

16. Os acabados en vocal acentuada faráno sempre en *-s*, sin excepción.

17. Os acabados nos diptongos *-au* (*maus*), *-eu* (*bucaréus*), *-ou* (*bous*) fano en *-s*. Os acabados en *-ai* (*país*), *-oi* (*bois*) fano tamén en *-s*, pero non así os monosílabos en *-ei* (*reises*, *leises*) que teñen un vulgar en *-ses* e outro normal (*reis*, *leis*) que é o que usaremos.

18. Os acabados en *-l*, sobre todo os cultos, fan o plural en *-es*: *papeles*, *nabales*, *xinoles*. Pero debe saberse que hai formas consagradas en *-ás*, que deben manterse, como *reás*, *animás*, *currás*, etc. Hai outras en *-ais* (*curráis*), que se estiman localismos (Valdeorras) e que deben evitarse nesta obra, o mesmo que os literarios en *-ls* (*nabals*).

19. Os acabados en *-n* farán o plural en *-ns* nos escritores que usen o sufixo *-an* derivado de *-ANU*. Se de *irmán* se fai *irmans*, farase de *un*, *uns*, de *función*, *funcions* e de *parabén*, *parabens*. Pero se se fai uso do sufixo *-ao*, *-au*, derivado de *-ANU*, toda a serie fará o plural en *-s*, con perda do *-n*. Se de *irmao* se fai *irmaos*, de *un*, *us*; de *función*, *funciós*; de *folgazán*, *folgazás*; de *parabén*, *parabés*. Tamén neste caso se dan como localismos os plurales en *-ais*, *-eis*, *-ois* dos acabados en *-n*.

FORMACIÓN DO FEMENINO

20. O galego non se aparta neste punto da lingua oficial, a non ser nos derivados do sufixo *-ANU* e nos acabados en *-n*, en xeneral. Cando *-ANU* fai *-ao*, *-au*, como *irmáu*, *chao*, o femenino parece ser en *-a*: *irmá*, *cha*. Se fai *-án*, non varían no femenino: *miña irmán*, *pedra chan*.

Os derivados do sufixo *-ANEM*, de tipo despectivo, fano en *-a*: de *folgazán*, *folgazana*, según o que se puido observar.

Os feitos, así e todo, aparecen confusos, e non é raro atopare femeninos de *-ao*, *-au*, en *-ana*: de *mourao*, *mourana*, de *ribeirao*, *ribeirana*.

As cousas así, acordouse que

a) Os acabados en *-au*, *-ao*, fagan sempre o femenino en *-á*: *ribeirao* - *ribeirá*, *irmau* - *irmá*.

- b) Os acabados en *-on*, en *-oa*: *bon - boa, ladrón - ladroa, lambón - lamboa*.
- c) Os acabados en *-án*, alternados con *-ao*, *-au*, que non varían: *meu irmán - miña irmán; trovador cortesán - lírica cortesán; home cristián e muller cristián*.

Non se pensa que deban ser tratados do mesmo xeito

- d) Os femininos de nomes en *-án* derivados de *-ANEM*, polo que de *folgazán* se dirá *folgazana*.
- e) Especial atención merecen os xentilicios de *-an* e *-ANU* orixinarios. Aparte os en *-án* (*catalán, alemán*) os derivados de *-ANU* son todos cultismos, debendo escribirse, polo tanto, *americano, mexicano*, etc. Non caben, según deixamos dito, as formas vulgares en *-ao*, *-au*. E, sendo así, o feminino ten que sere en *-a*: *americana, mexicana*. E por non complical-os feitos, debe facerse en *-a* tamén o feminino dos en *-an*: *catalana, alemana*. De Castela, o xentilicio histórico é *castelao*, polo que o feminino será *castelá*. Ningunha destas formas é hoxe vixente, pero deben preferirse nunha obra histórica.

FENÓMENOS FONÉTICOS

21. Reconócese a existencia de vocales abertos e zarrados (*e, o*), pero acórdase non marcalos por esta sola razón.

22. Reconócese tamén que hai un *i* vocal (*vivo*) e outro consonante (*maio, i-auga*). Pero acordouse por maioría non distinguilos na escritura.

23. bis Entre o artigo *a* i a *a-* tónica inicial e, nas formas verbales, entre *a* tónica final e o pronome átono *o, a, os, as*, desenrólase un *i* consonántico que se debe manter, separado por guión, no primeiro caso (*a i-alma, a i-auga*), e, xunto, no segundo (*faraio, diraiio*).

24. bis Por razóns distintas, tamén se desenrola un *-n-* entre o *i* e o *u* desinencial do perfecto da primeira conxugación e os pronomes xa ditos (*ameino, amouno*). Tampouco se debe separar.

25. bis O son do *ch* latino ou do χ grego, en palabras cultas, represéntase por *c* diante *a, o, u*, ou consonante (*calcídica, crisólogo*) e por *qu-* diante *e, i* (*quelidro, quelonio*). Exceptúanse os semicultismos en uso: *ciruxía, celidonia*.

26. bis Os cultismos gregos en *-is* (*neurosis*, *crisis*, etc.) están tomados do nominativo e no hai por qué non mantelos.

23. Non se recomenda nada sobor do *-e* paragórico, tratándose dunha obra como a que temos en conta; nin acerca do infinitivo desinencial (*facermos*, *facerdes*, *faceren*). Pero reconócese que a fonética e a sintaxis galega padecen de non marcarmos estes fenómenos.

24. Ademítense as variantes locais de algús verbos, como *ser*, *estar*, *facer*, *traer*, etc., con tal que señan formas vivas e realmente locais (*seña*, *seia*, *sea*; *estiven*, *estuvén*; *andíven*, *anduvén*; *ficién*, *fixén*; *trouxén*, *truxén*). Pero non a de *si* e *se*, conxunción, adoptándose *se*.

25. O *H* ten valor fonético peculiar en *unha*, *ningunha*, etc. Marca a articulación velar do *-n-* intervocálico. Fora deste caso é un sino etimolóxico que non se corresponde en moitos casos co da lingua oficial.

26. Ó *X* reconocéronselle dous valores: o vulgar de *ch* francesa e o culto de *cs* ou *gs*, pero non o de *-is-* ou *-ns-* dos semicultismos vulgares *eisame* ou *ensame*.

27. Tamén se lle reconocen dous valores a *C* e *Z*, un normal e outro de *s*, extendido pola Galiza atlántica. Por esta razón de ter dobre valor *C* e *Z* aconséllase non facer uso de *s* en voces como *luz*, *cruz*, aínda que se pronuncien *lus* e *crus*, nin tampouco noutras, como *zoco*, *zugar*, que teñen orixe etimolóxico en palabras que comencan por *s-*, visto que o *s-* inicial tivo moi distintas evolucióis *i*, entre elas, a de *z* (*zarrar*, *zanfona*, *zucio*).

GRUPOS CONSONÁNTICOS CULTOS

28. Sostense o criterio seguido cos prefixos e sufixos: esto é, mantelos. Exemplos: BS: *absolver*; BD: *subdirector*; BM: *submarino*; BR: *subraiar*; BS: *subsistir*, BV: *subvertir*. CT: *acto*, *efecto*. GN: *maligno*, *pugna*; MN: *amnistia*; NM: *inmaculada*; NN: *innoble*; PC: *erupción*; PS: *eclipse*; PT: *aptitude*; TL: *atlas*; TM: *ritmo*; TN: *etnógrafo*; BST: *abstención*; BSTR: *obstrucción*.

29. Os grupos *BL*, *CL*, *FL* e *GL* tenden a trocarse en *br*, *cr*, *fr* e *gr*. Pero non é preceptivo, xa que non é lei xeneral en toda a historia do galego, facer este cambio en voces cultas.

30. Nos grupos *NST*, *NSP*, *NSC*, o *n* non ten valor fonético en galego, polo que se pensou en suprimilo *i* escribir *costante*, *trasporte*, *trascendente*.

31. Reconócese que moitos destes grupos teñen tratamento especial na fala de cada día, oíndose ás veces formas como *oustáculo*, *suvención*, *autividá*, *amídala*, *autitú*, *oución*, *Mansimino*, etc. Non se pode dar norma fixa neste punto. Se a palabra é de uso común, como *ausilio*, *másimo*, *amídala*, *suvención*, *ousequio*, e non se desvía moito na forma e no son, pode aceptarse como un semicultismo. En caso contrario, hai que reducila sempre ó tipo orixinario, sobre todo se forma parte do fondo común da cultura como tal cultismo. Según esto, non se deberá escribir *mánsimo*, visto que as grandes linguas da cultura a transcriben na forma etimolóxica, anque sí *másimo*, seguindo a norma que se tivo en conta para os grupos *-NST-*, *-NSP-*, que sigue tamén o italiano, de non transcribil-o son que se elimina na articulación normal.

32. Certos semicultismos popularizados deben manterse, distinguindo ben as formas populares dos vulgarismos. Puxéronse como exemplos: *admiración*, *adeministración*, *doutor*, *iñorar* e *iñorante*, referidas ós grupos *-DM-*, *-CT-* e *-GN-*.

CONTRACCIÓNS E ASIMILACIÓNS

33. A preposición *a* e o artigo determinado *o*, *a*, *os*, *as*, contráense en *ó*, *á*, *ós*, *ás*, que se escribirán con acento agudo.

34. A mesma preposición e o artigo indeterminado, *un*, *unha* e tamén os pronominales *outro*, *outra*, contráense en *ón*, *ónha*, *autro*, *autra*. Pero estas contraccións considéranse localismos e non deben facerse.

35. A preposición *de* contraise con artigos, pronominales e algúns adverbios. Deben manterse estas contraccións na forma que indicamos: *do*, *da*, *dos*, *das*, *dun*, *dunha*, *deste*, *dese*, *daquel*, *dalgún*, *dalguén*, *doutro*, *doutroira*, *daquí*, *dalí*, *dalá*.

36. As contraccións de *con* son éstas: *co*, *coa*, *cun*, *cunha*, *coeste*, *coese*, *coaquel*, *coaquelén*.

37. As de *en* son doutro tipo, pero fanse do mesmo xeito: *no*, *nun*, *neste*, *nese*, *naquel*, *nalgún*, *nantontre*, *noutro* e *nestoutro*.

38. As contraccións destas preposicións con sustantivos, adxetivos e verbos non deben facerse: *está en Ourense*, *con ollos doces*.

39. Toda voz acabada en *-s* ou *-r* asimilou este son co *l* antigo do artigo determinado e do pronome de terceira persoa. Ó simplificárense os dous *éles*

resultantes, o que restou apónse na concencia dos nosos escritores á voz que precede, en contra da lei do reparto silábico, pra enchel-o oco que deixa o *s* ou *r* asimilado.

As normas que se dan redúcense a tres:

a) Se a asimilación cai diante o pronome, faráse sempre, pero non se marcará: *Diolo bendiga, méntrala amaño, canto máila mira, maila quere.*

b) Se cai diante o artigo, separarásse éste, na súa forma moderna (*o, a, os, as*) do *l* primitivo por un guión: *Son bol-os toxos; ten clárol-os ollos; comémol-os figos.*

c) Se a palabra que sofre asimilación é unha partícula proclítica, xuntarase tamén co artigo: *Polo río, tralos valados, o can e mailo gato.*

40. Hai contracción entre os pronomes *me, che, lle, nos, vos, lles* e os átonos *o, a, os, as* e dela resultan as formas *mo, ma, etc. cho, llo, nolo... volo..., llelo*, que se escribirán sempre nesta forma.

41. É semellante a que se dá entre certas desinencias do verbo e os pronomes átonos *o, a, os, as*: (*ámalo, amámolo, amádelo, amáchelo, amástelo*). Trátase da segunda persona do singular e da primeira e segunda do plural. Escríbense como aquí se fixo.

42. O *-n* final de *non, ben, quen, ningún, alguén*, desaparece unhas veces e outras forma sílaba coa palabra que sigue. Desaparece diante vocal, *m* ou *n*. Forma sílaba coa palabra que sigue cando ésta comenza por vocal.

Se predomina a tonicidade da palabra que sigue ou ésta comenza por *m-* ou *n-*, pérdese o *-n* final de *non* e *nin*: *Que no haxa novidade, no é bo, no me fales, xa no me acordo.* A transcrición farase sin ningún sino.

Se predomina a tonicidade de *non* e *nin*, por énfasis na articulación, ou se se trata de *quen, ben, alguén*, etc. o *-n* final forma sílaba coa vocal da palabra que sigue: *nono quero = non o quero; beno vin = ben o vin; quéno dixo = quen o dixo; nino vin, nino quero ver = nin o vin, nin o quero ver.* O exemplo primeiro e derradeiro, sin énfasis en *non* e *nin*, serán: *No o quero; ni o vin ni o quero ver.*

Neste punto acordouse sacrificar-a independencia léxica á realidade fonética, determinando:

a) Que non se marque a perda do *-n*: *no haxa novidade; ni o vin ni o quero vere; no o quero.*

b) Que se xunte nunha sola palabra *non*, *ben*, *quen*, etc., cando o *-n* forme sílaba con formas pronominales átonas *o*, *a*, *os*, *as*: *quéno dixo*, *beno sei*.

c) Expresións como *non os viron* e *non nos viron*, que puideran parecer anfibolóxicas trascritas asegún se indica, nono son. No primeiro caso, se se escribe con énfasis en *non*, dará *¿Nónos viron!?* e, sin el *no os viron*. No segundo, *non nos viron* con énfasis en *non*, non pode variar e seguirá escribíndose *non nos viron*. Sin énfasis será *no nos viron*, como deixamos dito, [vid.] a). Non cabe confusión.

LETRAS E SIGNOS DE PUNTUACIÓN

43. Non se fará uso na escritura de *j*, *y*, *ç*, *nh* e *lh*, como se ten feito nalgús casos.

44. Mantense a ortografía acentual da lingua oficial polo que se refire a voces oxítonas, paroxítonas e proparoxítonas: *Finóu*, *mármore*.

45. Mantense tamén no que se refira a *i*, *u* tónicas, seguidas de forte: *María*, *túa*, *súa*, *lúa*.

46. Non se mantén na función diacrítica, fora dos pronomes demostrativos: *éste*, *ése*, *aquél*, dos posesivos: *méu*, *téu*, *séu*, *nóso* e *vóso*, e dos interrogativos.

47. Levarán acento agudo as formas contractas *ó*, *á*, *ós*, *ás*, do nº 33: *vai á feira*, *anda ós pertegos*.

48. Levarán tamén acento outros contractos como *pór* (de *poñer*), *sô* (de *solo*), *mór* de *maior*, pero nada máis que cando poidan confundirse con outras voces homófonas.

49. Levarán acento *nós* e *vós* cando señan tónicos.

50. Non se fará uso do apóstrofo. En caso de sinalefa que non se teña mencionado, escribirase a vocal que corresponda: *de hoxe en diante*, *non d'hoxe en diante*.

51. Usarase o guión en dous casos: entre *i* eufónico de *a i-alma*, *i* entre o *l* de asimilación *-s*, *-r* cando sigue artigo determinado: *veu vel-o fillo*. *Hai que segal-a herba*. *Pois segala*.

RESUME

1. Os cultismos, sin historia no galego, non poden presentar na súa estrutura forma histórica de evolución popular ou vulgar (5)

2. Os sufixos AB, AD, PRAE, PRO, DIS, IN, INTER, SUB, SUPER non deberán ser modificados, en voces cultas: *absurdo, adversario, precepto, proveito, disiuntivo, inquisitivo, intersticio, subversión, supernal*. Poden ademitirse certos semicultismos de uso común, como *ausolver, ademitir, adevertir, adeministración*. (6)

3. O prefixo EX- mantense co seu valor culto: *excoriación, exánime*. (7)

4. TRANS redúcese a *tras*: *trasporte, trasmisión*. (8)

5. Os sufixos que deron formas históricas vulgares, non poden reducirse a estas formas en palabras cultas: deste xeito, con -ATICUM faremos *estático*; con -ANTIA, *costancia*; con -ENTIA, *evidencia*; con -ATIONE, *prelación*; con -ITIA, *puericia*; con -ITIONE, *prescripción*; con -ACEUM, *herbáceo*; con -ARIUM, *herbolario*; con -ORIUM, *purgatorio*; con -ANEU, *contemporáneo*; e con -INO, *leporino*. (9)

6. O sufixo -INE fará -e, aínda que seña en voces cultas: de ORIGINE, *orixe*; de REGIMINE, *rexíme*. O en -CE, -z: de CAPACE, *capaz*. (10)

7. Os en -TATE, -TUTE, darán -tade, -tude: *libertade, virtude*. (11)

8. Escribírase *Galiza*. (12)

9. Tamén se escribirá *estudo* e *estudiante*, tratándose de sustantivos. Se é verbo, *estudio*. (13)

10. Pode escribirse *mao, mau* ou *man*. Pero o uso dos singulares exige que os plurales se acomoden a cada un: *mao, maos; mau, maus*; e *man, mans*. (14)

11. As normas do plural son comúns case sempre ó galego e ó castelán. (15)

12. En galego, os acabados en vocal tónico fano sempre en -s. (16)

13. Os acabados en *ao/au, eo/eu, ou, ai, oi*, fano tamen en -s: *maus, bucareus, bous, mais, bois*; pero os en -ei teñen un vulgar en -ses, que non debe usarse: *reises, leises*, ademáis de *leis, reis*. (17)

14. Os acabados en *l* teñen plurales tradicionais que deben conservarse: *reás, animás, currás*, etc. Os de nomes cultos e moitos vulgares son en -es: *papeles, nabales, xinoles*. Os plurales en -ais, ois, -eis, dos nomes en -l (Valdeorras) non deben usarse, nin tampouco os rosalianos en -als. (18)

15. Os acabados en -n, perden o *n* e apoñen -s nos escritos que usen -ao, -au por -an. Se usan as formas *Mao, irmao*, o plural de *can* será *cas* e o de *pan*, *pas*.

Se usan as formas *man*, *irmán*, o plural de todol-os en *-n* será en *-ns*: *mans*, *cans*, *pans*, *xardíns*. (19)

16. Os en *-ao*, *-au* fan o feminino en *-á*: *irmao* - *irmá*; os en *-án* alternante con *aolau*, non varían: *meu irmán* - *miña irmán*; os en *-an* común, en *-ana*: *folgazán* - *folgazana*; os en *-on*, en *-oa*: *bon* - *boa*. De *americano* - *americana*; de *catalán* - *catalana*; pero de *castelao* (arcaico) - *castelá*. (20)

17. O *i* de *vivo* non ten o mesmo son que o de *maio*, pero deben escribirse o mesmo (22).

18. O *i* eufónico de *a i-alma*, *a i-auga* sepárase por guión; o das formas verbales *faraio*, *amaraios*, non. (23 bis)

19. O *-n-* de asimilación de *ameino*, *amouno* non se separa do verbo nin do pronome. (24 bis)

20. O son de *ch* latino pasa ós cultismos por *c* (diante *a*, *o*, *u* ou consonante) (*calcídica*, *crisólogo*) e por *qu-* (diante *e*, *i*): *quelonio*. Exceptúanse os semicultismos: *ciruxía*, *celidonia* e outros que puidera haber. (25 bis)

21. Os cultismos gregos, tomados dos nominativos en *-ís*, mantéñense así: *neurosis*. (26 bis)

22. O *-e* paragóxico e os infinitivos desinenciais sería ben empregalos. (23)

23. Respétense as variantes verbales *faguer* e *facer*, *seña* e *seia*, *andiven* e *anduven*, con tal que señan formas vivas; pero redúzase sempre a *se* a conxunción *si*. (24)

24. Escríbase *h* en *unha*, e nos seus derivados e compostos e naquelas voces que a tiveren en latín: *Hispano*, *herdeiro*, pero non noutras que a teñen na lingua oficial por outras razóns, como *oso*, *ovo*, etc. (25)

25. Escríbanse con *x* as voces cultas que o teñan no seu orixe: *axioloxía*, *hexámetro*. (26)

26. Aínda que se reconece como lexítimo o seséo, escríbanse *c* e *z* cando haxa este son no interior de Galiza: *zoco*, *zugar*, *luz*. (27)

27. Os grupos orixinais de consonantes deben manterse nas voces cultas. (28)

28. Os grupos *-bl-*, *-cl-*, *-fl-* e *-gl-* poden manterse tamén. No é fenómeno típico galego trocalos en *-br-*, *-cr-*, etc. (29)

29. Os grupos NST, NSP, NSC, poden perdel-o *n*, visto que non sona en galego: *costante*, *trasporte*, *trascendente*.

30. Os grupos que aparezan tratados polo uso de distinto xeito, en palabras contadas, poden aceptarse como veñan, con tal que a palabra non seña un cultismo universal nin o tratamento seña un puro incultismo. Semicultismos como *sumarino*, *surraiar*, *másimo* poden ademitirse, pero non outros como *mánsimo*. (31)

31. Deben ademitirse os cultismos popularizados, como *admiración*, *administración*, *doutor*, *iñorar* e *iñorante*. (32)

32. Non se escribirá *ao*, *áa*, *aos*, *áas* e sí *ó*, *á*, *ós*, *ás*. (33)

33. Escribiráse *a un*, *a unha*, *a outro*, *a outra* e non *ón*, *onha*, *autro*, *autra*. (34)

34. Manteráanse sin apóstrofo as contraccións *do*, *da*, *dos*, *dun*, *dunha*, *deste*, *dese*, *daquel*, *dalgún*, *dalgúen*, *doutro*, *doutrora*, *daquí*, *dalí*, *dalá*. (35)

35. Do mesmo xeito *co*, *coa*, *cun*, *cunha*, *coeste* (*coiste*), *coaquel*, *coalgún*. (36)

36. E tamén *no*, *nun*, *neste*, *naquel*, *nalgún*, *nantronte*. (37)

37. Non se contraerá a preposición con sustantivos, adxetivos ou verbos nin se marcará a sinalefa. (38)

38. -S ou -r finais asimilados en *l*, atrán o pronome átono e o artigo determinado. Este último separarase cun guión, se o atrai unha palabra tónica: *Diolo bendiga*; *polo río*; *tralos valados*; pero *ten clarol-os ollos*; *comemol-os figos*. (39)

39. Non se separen as formas contractas *mo*, *ma...*, *cho*, *cha...*, *llo*, *lla...*, *nolo...*, *volo...*, *llelo*. (40)

40. Dise o mesmo das contraccións de desinencia verbal e pronome átono: *ámalo...*, *amámolo...*, *amádelo...*, *amáchelo...*, *amáchedelo* ou *amástelo*. (41)

41. *Non*, fora de posición enfática, diante vocal, *m-* ou *n-* perde o -*n* final: *No haxa novidade*, *no me fales*, *no namora a ninguén*.

Recoméndase marcar este fenómeno fonético-sintáctico como se indica. (42)

42. *Non*, en posición enfática, *quen*, *ben* e *alguén*, xúntan-o -*n* final coas formas *o*, *a*, *os*, *as* do pronome de terceira persona: *nono quero*, *beno vin*, *queno dixó*, *algueno dixó*.

As expresións: *Non os viron* e *non nos viron* escribiranse así, e poden servir de paradigma:

¿Non os viron? = ¿*Nónos viron*?

Non os viron = *No os viron*.

¿Non nos viron? = ¿*Non nos viron*?

Non nos viron = *No nos viron*. (42)

43. Non se fará uso de *j, y, ç, -nh-* ou *-lh-*. (43)
44. A acentuación, como na lingua oficial. (44)
45. *i, u*, tónicas, seguidas de forte, acentúanse: *María, túa, súa, lúa*. (45)
46. O acento diacrítico da lingua oficial non se mantén máis que nos pronomes demostrativos, posesivos e interrogativos, non nos personales: *tu* ou *ti, el* ou *il*, non levan acento. (46)
47. Levan acento as formas contractas *ó* de *ao*, *á* de *aa*, *ós*, *ás*. (47)
48. Levan acento outros contractos como *pór* (de *poñer*, *só* de *solo*, *môr* (de *maior*) cando poidan confundirse con homófonos seus. (48)
49. Acentúanse *nós* e *vós*, tónicos. (49)
50. Prescínlese do apóstrofo. (50)
51. Do guión faráse uso en dous casos: *a i-alma*, *a i-auga* (*i* eufónico) e *veu vel-o fillo* (artículo con *l* asimilado). (51)

Escribiu estes acordos
Aquilino Iglesia Alvariño